

Estatua Menhir

Esta figura é unha estatua da Idade do Bronce.

A Idade do Bronce é unha parte da prehistoria.

A Idade do Bronce foi hai 4 mil anos.

Na Idade do Bronce as persoas comezan a fundir metais para facer utensilios, ferramentas e armas.

Esta figura é una estatua menhir

Un menhir é un monumento sinxelo de pedra colocado sobre o chan.

A figura tamén é unha estatua porque representa unha persoa.

Os menhires estaban colocados sobre o chan nunha parte de terreo un pouco alto.

Dende o lugar onde se colocaban podías ver o territorio ao largo e ancho.

A estatua menhir está feita de granito que é un tipo de pedra moi dura.

A estatua menhir é unha representación sinxela dunha persoa.

Podes ver o corpo, a cabeza e os brazos pegados ao corpo.

A figura ten un machado plana no lado esquerdo.

Parece que a figura leva o machado na man.



Información en
lectura fácil

A estatua menhir mostra
o poder da persoa que representa.

Esta estatua menhir
tamén tiña outra función que non sabemos.

Os investigadores din que as persoas desa época
podían utilizar a estatua en cerimoniais relixiosas.
Tamén din que as persoas podían usar a estatua
para separar territorios
ou para sinalar algún lugar importante.

Esta estatua menhir
estaba nun muro dunha finca dun pobo de Ourense.
O muro daba a un camiño.

Os habitantes desta zona de Ourense
pensan que a estatua é unha pedra protectora.
Os habitantes pensan
que as vacas preñadas que se frotaban na estatua
ían a ter un bo parto.

Despois de máis de 4 mil anos
as persoas seguen pensando que esta estatua menhir
é unha pedra protectora.
A estatua séguenos emocionando.



Información en
lectura fácil

Estatua menhir

Cabeza



Brazos pegados
ao corpo



musarqourense

museo arqueolóxico provincial de Ourense



Textos adaptados por:

FADEMGA



Plena
inclusión

Galicia